



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**



“ Xornadas Internacionais de Xadrez con Iván Salgado”

(Xuño 2018)

Organiza



Club Deportivo Xadrez Ourense

Colabora



Federación Galega de Xadrez

O pulo necesario que nos conduce definitivamente á presentación deste proxecto ante a **Secretaría Xeral para o Deporte de Galicia** e o **Concello de Ourense**, xurde e madura tras as conversas mantidas recentemente en Ourense, entre a Secretaría Xeral para o Deporte, Dona **Marta Míguez** e mailo Concelleiro de Deportes de Ourense, **Mario Guede**, co vixente campión de España Absoluto, O Gran Mestre Internacional de Xadrez, **Iván Salgado López**. (Ourense, 1991).

Ademais de 7 veces campión Nacional e subcampión mundial xuvenil, Iván Salgado é G.M. desde os 16 anos, idade desde a que, de xeito ininterrompido, forma parte indiscutible do quinteto titular da Selección Española, tanto en Camppeonatos de Europa de nacións como nas Olimpíadas de Xadrez, (competicións internacionais do máximo nivel e que en ambos casos teñen lugar cada dous anos). Iván leva participado en numerosas ocasións en camppeonatos de Europa, Mundiais e Copas do Mundo individuais, acadando importantes éxitos, como o subcampionato mundial en 2009, ou o Campionato Iberoamericano en 2012.

Ademais de Iván Salgado, existen na actualidade 3 medallistas nacionais máis en Ourense, o que fai que a cidade das Burgas se convirta nun escenario óptimo, na actualidade, para estas Xornadas Internacionais. Trátase do Bronce nacional feminino (Yudania Hernández), da prata nacional Alevín (Xacobe Conde) e do bronce nacional Infantil (Martín Gómez).

Ademais, en Galicia, existen outros dous G.M. máis, (máxima titulación internacional da FIDE – *Federación Internacional*), unha titulación privilexiada que ostentan únicamente algúns centos de xadrecistas en todo o planeta. Cifra que se antoxa moi reducida e selecta, se tomamos como referencia aos millóns de practicantes existentes deste “deporte - disciplina milenaria”, que hai no planeta na actualidade, o que fai moi interesante que a Selección Galega se poda medir con garantías a unha selección Europea ou combinado Europeo, no marco destas xornadas.

Volvendo a Iván, trátase dun xoven deportista que decidiu hai tres anos (2014), impulsado fundamentalmente por motivos deportivos, trasladar a súa residencia a Bulgaria, para ter máis e sobre todo mellores oportunidades de continuar coa súa progresión internacional.

Agora, en 2018, nun ano no que Galicia se convertirá nun magnífico escenario do Xadrez Mundial, (coa celebración en Novembro de 2018 do Campionato do mundo para xóvenes, en Santiago de Compostela), en un ano ata o de agora “irrepetible” con ata 4 medallistas nacionais Ourensáns, é unha ocasión única para que, con esta realidade entre as nosas máns, as nosas autoridades e máximos responsables do Deporte Galego e Ourensán, dispoñan os medios necesarios para que xadrecistas galegos de élite internacional, como Iván, poidan visibilizarse e ser axudados para continuar coa súa progresión contando cos mellores medios humanos, materiais e económicos para que, como deportistas de élite, sigan a ser embaixadores do deporte Galego e Ourensán no mundo, a través do xadrez.

En Ourense, a 13 de Abril de 2018,

Elías José González Gil

(Presidente do Club Deportivo Xadrez Ourense)



Resumo do programa:

Deporte: Xadrez

Programa:

“ I Xornadas Internacionais de xadrez con G.M. Iván Salgado (Campeón de España Absoluto) “
(Campeón de España Individual Absoluto 2017, 7 veces campeón de España e Subcampeón do mundo 2009)

*Breve descripción:

3 xornadas completas de actividades deportivas, formativas e de exhibición co xadrecista Galego e Ourenseño, Iván Salgado López como protagonista. Vixente campeón de España e Deportista de élite. Tamén tomarán parte os 4 medallistas nacionais ourensáns da actualidade, unha selección Europea internacional e unha ampla representación da selectas promesas dos xadrecistas de Galicia e Ourense.

Datas:

Xuño de 2018, (15, 16 e 17 de Xuño de 2018)

Programa pormenorizado:

<p>15 de Xuño Venres</p>	<p>12.00 horas: (Sede: Salón de actos “Casa do Chocolate” Xunta de Galicia) Posta en Marcha e presentación aos medios informativos das Xornadas, coa presenza de Iván Salgado, Marta Míguez (Secretaría Xeral para o Deporte), Mario Guede, (Concellerío de Deportes de Ourense), Gaspar Pérez (Presidente FEGAXA), colaboradores, organización e os 3 medallistas Nacionais Ourenseños da actualidade, (Yudania Hernández: Bronce Nacional feminino, Xacobe Conde: Prata nacional alevín e Martín Gómez: Bronce nacional Infantil)</p> <p>17:00 horas: (Sede: “La Molinera”) Conferencia de Iván Salgado: “A progresión dun deportista, Campeón de España desde Alevín a Senior”</p> <p>Aproximadamente 40/45 prazas por invitación, que incluírá dereito a preguntas, sinatura de autógrafos, fotos co campeón de España e finalmente un sorteo entre todos os asistentes a disputar unha partida “relámpago” con Iván Salgado (Presenza da T.V. e medios gráficos)</p>
<p>16 de Xuño Sábado</p>	<p>12.00 horas: (Sede: “La Molinera”) Exhibición de Xadrez Simultáneo de Iván Salgado ante unha selección de 20 xadrecistas de Galicia experimentados. Tamén e paralelamente realizarán exhibición de xadrez simultáneo os outros 3 medallistas nacionais. Previsión de 80 participantes, (ademais de xuíces, organización, asistentes, familiares, etc...)</p> <p>17:00 horas: (Sede: Salón de actos “Casa do Chocolate” Xunta de Galicia) Encontro Internacional: “Selección Galega vs. Selección de Portugal”</p> <p>Encontro Internacional entre a Selección de Galicia (Comandada por Iván Salgado), ante a Selección de Portugal, xogaranse tres matches amistosos por modalidades (lenta, rápida e relámpago). Ambos conxuntos estarán compostos por 6 xadrecistas titulares e presentarán obrigatoriamente nas súas ringleiras a unha muller, a un xogador en idade xuvenil, e a un xogador en idade cadete.</p> <p>(Con presentación e saque de Honra a cargo das autoridades e Himnos de ambas selección)</p>
<p>17 de Xuño Domingo</p>	<p>11.00 horas: (Sede: Sala de competicións de Barrocás) “Torneo Individual de Xadrez relámpago de Exhibición”</p> <p>(O torneo contará coa presenza garantida de Iván Salgado, tamén coa presenza dos compoñentes de ambas seleccións internacionais, cos 4 medallistas Nacionais, e coa presenza “en aberto” de un cupo ata 50 xadrecistas por orde de inscrición)</p> <p>13:30 horas: (Sede: Sala de competicións de Barrocás) Entrega de premios aos gañadores do vistoso torneo de “Exhibición de Xadrez Relámpago”, e posterior Clausura das Xornadas Internacionais coa presenza destacada de Marta Míguez (Secretaría Xeral para o Deporte) e de Mario Guede, (Concellerío de Deportes de Ourense), entre outras autoridades e colaboradores.</p>